

A MULLER EN DISNEY

1. INTRODUCCIÓN.

“A muller en Disney” é a investigación que ten como finalidade analizar os roles femininos nos filmes que impliquen algunha princesa producidos pola factoría Disney. A figura da muller nestes filmes evolucionou salientablemente ao longo da súa historia. O que comeza con personaxes como Brancaneves, caracterizada por ser sumisa, deriva en personaxes como Vaiana, que se caracteriza polo seu espírito libre. É moi difícil que os nenos vexan esta serie de roles e estereotipos e xa non só eles, senón tamén a xente adulta. E é por iso, que as películas e tamén os contos clásicos son un reflexo da realidade imperante no momento e van a reproducir as costumes e os papeis da sociedade. A raíz disto, estudaranse as transformacións das personaxes femininas, centrándose no comportamento da muller e a súa aparencia física.

2. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Escollemos aquelas películas nas que aparecen princesas Disney e outras na que, aínda que non son consideradas princesas, teñen un papel relevante na película e representan un rol de xénero.

3. ANÁLISE DOS PAPEIS FEMININOS DE DISNEY.

- **Brancaneves e os sete ananos (1937):** Brancaneves é unha princesa de catorce anos, orfa, que vive coa súa madrasta. Esta, envexosa da beleza da moza, intenta asasinala, Brancaneves foxe no bosque do reino e refúxiase na casa de sete ananos. A madrasta entérase de que está na casa dos ananos e envelénaa cunha mazá, que a leva á morte ata que o príncipe Encantador a salva cun bico.

Neste filme, Brancaneves é unha moza guapa, delgada, de cara anxelical e meixelas rosadas que asume o rol de muller que limpa a casa cando chega ao fogar dos ananos. É moi doce e submisa, non ten unha voz propia e necesita do príncipe para ser salvada da morte. Por outro lado, temos o papel feminino da madrasta, unha muller cunha aparencia física escura, de semblante serio e que é manipuladora, malvada e ambiciosa. Polo tanto, temos as dúas caras da muller: como anxelical e submisa, e como manipuladora e retorcida.

- **Cincenta (1950):** Cincenta é outra princesa orfa que tamén vive coa súa madrasta e as fillas da mesma, que a obrigan a limpar o castelo no que viven, propiedade do pai de Cincenta. O príncipe do reino organiza un baile para atopar parella por influencia do seu pai, que soña con velo casado. Cando a invitación chega ao castelo de Cincenta, a madrasta e as súas fillas fanlle ilusións con que pode ir ao baile, pero chegado o día, estráganlle o vestido que ela mesma confeccionara. Para salvala, aparece unha fada madriña que lle dá un vestido, zapatos de cristal, converte unha cabaza nunha carroza e os ratos (únicos amigos de Cincenta) en cabalos. No baile, o príncipe namora dela e cando ela se ten que ir á media noite, momento no que desaparecen os efectos da fada, perde un zapato. Pasado o día, o Príncipe busca por todo o reino á rapaza á que lle encaixa o zapato ata atopar a Cincenta e casaren.

Cincenta é unha rapaza tamén anxelical, de cara doce e fisicamente esvelta e delgada. Vive submisa ás ordes da súa madrasta e as súas fillas, que a teñen escravizada para que limpe todo o castelo. A madrasta e as súas fillas son tres mulleres feas, repugnantes e irritantes, que como a madrasta de Brancaneves, son manipuladoras e malvadas. Se analizamos a “historia de amor” de Cincenta co príncipe, atopamos que é totalmente superficial: dous mozos guapos que se coñecen unha noite e casan á semana seguinte. O baile

supón unha redención das mulleres a un príncipe que nin sequera coñecen. De novo, os roles que a muller desenvolve no filme son de submisas, por un lado, e de manipuladora, polo outro.

- **A bela durminte (1959):** Aurora é outra princesa que, a diferenza das anteriores, conserva aos dous pais. O día do seu bautizo, é bendicida con dons polas tres fadas do reino: a beleza e unha voz bonita, ata que aparece unha bruxa malvada que a maldice: cando cumpra os 16 anos, pinchará un dedo coa agulla dunha roca e morrerá. A terceira fada, para intentar arranxar o conxuro, usa a súa maxia para que a princesa en vez de morrer, durma; e só poderá ser despertada cun bico de amor. Para intentar protexela, as fadas lévana a unha casaña no bosque e os reis mandan queimar todas as rocas do reino. As tres coidan dela ata o día do seu 16 cumpreanos, que coñece ao Príncipe Filipe, co que xa estaba comprometida desde que naceu, sen ela sabelo. Ese día regresa ao castelo e, nun despiste das fadas, pincha o dedo na roca e cae nun profundo sono ata que, despois dunha serie de dificultades, o Príncipe chega para salvala co seu bico.

Aurora é unha moza loira, delgada e esvelta; seguindo un patrón moi similar ás anteriores princesas. O seu papel é puramente visual na película, xa que só fala 18 minutos e canta dúas cancións. Non sabemos moito da súa forma de ser e os seus únicos amigos son os animais do bosque, ata que coñece ao Príncipe Filipe, do que namora (sen apenas coñecelo). As fadas son tres mulleres que non saben facer nada do fogar sen as súas variñas máxicas e Maléfica, a bruxa, é despiadada e malvada, seguindo o patrón das madrastas das anteriores películas.

- **Robin Hood (1973):** Prototipo de bandido xeneroso. Robin Hood é, en esencia, un rebelde que defende ao pobo humilde contra os abusos dunha nobreza despótica; rouba aos ricos e poderosos para repartir o botín entre os pobres e indefensos. Posto ó marxe da lei polos opresores, o heroe e mais os seus seguidores resgardaranse no bosque para alí facer a guerra a quen impón unha lei arbitraria, inhumana e inxusta.

O malvado príncipe Juan, que roubou o trono ao Rei Ricardo, ten como principal obxectivo acabar con Robin, pero a astucia deste fai que sempre acabe estafando aos seus homes. Un día, o príncipe decide facer unha competición de tiro con arco onde o premio sería conseguir un bico da súa prometida, Marian. Robin e Marian coñeceráanse facía anos e aínda se amaban, pero facía moito que non se vían. Deste modo, Robin decide acudir ao concurso disfrazado, pero en plena competición é desenmascarado polo príncipe, quen ordenará a súa execución. Sen embargo, Marian rogará que isto non ocorra, que se lle outorgue o indulto. Isto anoxará ao príncipe, que comezará a tomar medidas máis duras e represivas co pobo, ao que Robin responderá cunha revolución para derrotalo a salvar á súa amada.

Neste filme, o papel do home volta a ser o protagonista, sendo enxalzado como figura heroica que, ademais de loitar polo ben social, intentará salvar á súa amada contra todo pronóstico. Fálase dunha “pelexa” entre dous homes polo amor de Lady Marian, quen, obedecendo as directrices do príncipe, responderá de acordo co desenlace do concurso. Robin Hood trata unha trama protagonizada pola liberdade do heroe, pola súa independencia á hora de procurar unha distribución de riquezas. Todo isto contraponse, polo tanto, ao papel da muller, cuxas liberdades e autonomía residen en mans de dous homes.

- **A sereíña (1989):** Ariel, a protagonista, é unha serea que non está conforme coa vida que lle tocou vivir, senón que sente especial debilidade pola humanidade ata o punto de namorarse dun home, Erik, ao que salvará tras unha forte tormenta que fai desbordar o barco no que viaxaba. Ariel, desesperada por estar co

seu namorado, acode á bruxa de mar, Úrsula, co propósito de converterse en humana. Úrsula conseguírao, mais pedirá algo a cambio: a súa voz, a cal recuperará unicamente se recibe un bico do príncipe antes de tres días, senón, volverá a ser serea para sempre. Ariel logrará o seu obxectivo, e rematará por casarse co príncipe e acabar coa bruxa para sempre.

A nosa protagonista, non está conforme coa súa identidade, polo que amosa unha actitude rebelde que non viamos noutros contos. Ademais, sorprende que, neste caso, sexa o personaxe feminino o que salve ó masculino. Sen embargo, Ariel continúa na liña da factoría Disney, o personaxe encaixa nun canon que a fai similar ás demais princesas: moi guapa, extremadamente delgada, coa voz moi fermosa; aínda que podemos marcar unha diferenza con respecto ás anteriores: xa non viste elegantes vestidos de princesa, senón que aparece coma unha serea, practicamente núa. Por outra banda, está disposta a todo por un home, Erik, o seu príncipe, do que se namora polo seu aspecto físico con unicamente 16 anos. Isto servirá para que deixe de pertencer a seu pai, Tritón, figura que se presenta como todopoderosa. Ariel renunciará a todo, incluso ao seu aspecto (serea) e ás súas facultades (voz), para formar parte do seu namorado.

- **A bela e a besta** (1991): Bela e o seu pai Maurice -un inventor tolo-, viven sós, xa que a nai desta morre cando ela era pequena, nun pequeno pobo. Bela é unha moza solitaria e soñadora que non dubida en intercambiarse polo seu pai, cando este é aprisionado pola terrible Besta. A rapaza é encarcerada no castelo, onde descubrirá a maldición que rodea aos habitantes dela e onde descobre o amor xunto coa Besta, o que lle permite romper a este último a maldición que o rodeaba a el e aos seus serventes tras desestimar a petición dunha feiticeira de ofrecerlle pousada durante unha noite.

Bela é unha rapaza francesa de dezasete anos de orixe humilde. É morena, delgada e de pel non tan branca como as primeiras princesas. Ademais, destaca fronte ás anteriores porque é máis voluptuosa, tanto de peito como de cadeira. Non busca un galán atractivo, polo que rexeita a Gastón e tampouco se namora dun príncipe sen coñecelo, senón que os seus sentimentos pola Besta van evolucionando ao longo da historia. Desexa o amor, pero tamén busca cousas na vida relacionadas co coñecemento e o desenvolvemento propio. É astuta e inconformista. Unha característica que destaca é que adora ler historias que lle ensinen e que lle fagan sentir que está en lugares afastados, feito que non é do gusto dos habitantes da campiña francesa na que vive:

Bella, ya es tiempo de que dejes tu imaginación y le prestes atención a algo más importante.
A mí. Todo el pueblo habla de ti, no es bueno que la mujer lea, eso le dará ideas, la hará pensar.

Na historia hai outros personaxes femininos como as rapazas do pobo, que son guapas, pero pouco intelixentes e buscan a toda costa un marido; señora Pott, que fai as tarefas do castelo; Fiffi -a muller plumeiro-, que é o estereotipo da moza guapa; e a señora armario, que axuda a Bela a vestirse para o primeiro encontro coa Besta, entre outras.

- **Aladdin** (1992): a historia sitúase nun lugar exótico do reino árabe de Agrabah. Aladdin é un mozo enxeñoso que vive nun estado de pobreza extremo pero que logra sobrevivir. Un día coñece a Jasmine, a filla do sultán e namora dela. Aínda que a súa historia de amor parece estar condenada, todo cambia cando Aladdin é recrutado polo sultán para recuperar a lámpada máxica. Unha vez que a atopa, frétaa sen querer, polo que aparece un xenio que lle concede tres desexos que farán que a súa vida cambie. De novo, aparece a figura da moza sen unha figura paternal, neste caso a nai.

Jasmine é unha princesa árabe, polo tanto, pertencente a un status social alto. Ten quince anos, o pelo e a pel escura e é forte fisicamente -non visto até o momento nunha personaxe feminina-. Fisicamente destaca

porque ten rasgos orientais, que contrasta con todas as princesas vistas até o momento. Ao igual que Bela, ten unha figura con máis curvas e ademais viste uns bombachos e un top que só lle cobre o peito, polo que ensina máis corpo. É o único personaxe feminino da historia e polo tanto, a inmensa maioría dos diálogos son entre homes. Testana, rebelde e intelixente, busca coñecemento e saber que hai máis aló dos muros do palacio. Renega do matrimonio concertado, xa que desexa atopar o amor verdadeiro e casarse con quen ela decida, algo que non está moi ben visto polo seu pai:

Jazmín, no es solo lo que dice esa ley, sabes bien que yo no voy a vivir para siempre y bueno (...) quiero asegurarme de que tengas a alguien que te cuide, que se encargue de ti.

As palabras do pai reflicten a subordinación da muller ao home, pero ela quere ser dona do seu propio destino, aínda que una vez máis, un dos principais obxectivos vitais da princesa é atopar o amor.

- **Pocahontas** (1995): A chegada dun grupo de colonos procedentes de Inglaterra altera a vida da tribo india americana á que pertence Pocahontas, a filla do Xefe Powhatan. A moza namora do capitán do grupo de colonos, John Smith. Cando empezan a xurdir tensións entre ambos bandos, a moza consegue evitar a guerra e os o grupo inglés volve ás súas terras.

Pocahontas é unha moza de dezoito anos. É delgada, esvelta, co pelo longo e escuro, ollos pequenos e rasgos angulosos. É o segundo filme de Disney no que non hai unha moza occidental, xa que desta volta é india americana. É de status social alto porque é a filla do xefe da tribo. Mostra un gran amor pola súa familia, o seu pobo e a natureza e está disposta a protexela fronte a calquera cousa. De novo, non ten unha figura materna, que é substituída pola súa avoa que está reencarnada nunha árbore e é a súa fonte de coñecemento espiritual. O pai pretende que case con un mozo da tribo, pero ela négase. Aínda que Pocahontas di frases como “no, si lo matas, tendrás que matarme a mí también” en referencia a John Smith, que pode que mostren a dependencia dela co home, é a primeira princesa que non remata co seu amor.

- **O corcovado de Notre Dame** (1996): A historia comeza cun titiriteiro contando unha historia a uns nenos. O xuíz Claude Frollo capturou e matou a unha muller xitana que levaba un bebé. Pese a que tamén quería desfacerse do bebé o capelán da catedral de Notre Dame obrígao a facerse cargo do neno. O xuíz pola contra encerra ao bebé, Quasimodo, no alto do campanario da catedral de Notre Dame. O xuíz non lle permite baixar nunca, polo que son tres gárgolas as súas únicas amigas. Un día decide baixar ás agachadas, coñece a Esmeralda e intenta protexela das inxustizas do xuíz.

Esmeralda é unha xitana romaní que é posiblemente a única guerreira pola xustiza social nas películas de Disney ambientadas na Idade Media. Buscaba xustiza para o seu pobo e que non viviran con medo. Nunha época na que a muller non traballaba ela gañaba o seu propio diñeiro. Enfrontase ao racismo e á corrupción do sistema xudicial, xa que é acusada de bruxa por intentar ser unha muller independente. Moita xente adoita criticar que Esmeralda remate co máis guapo do trío amoroso, pero realmente é o único que comparte o seu sentido da xustiza e a trata como unha persoa, xa que Quasimodo a idealiza e o xuíz Frollo considéraa un obxecto sexual.

- **Hércules** (1997): Na Grecia antiga, Hades, o señor do inframundo, planea destruír a Zeus e converterse no soberano dos deuses. Cando vai consultar o seu futuro as moiras dinlle a Hades que o fillo de Zeus, Hércules, será unha ameaza para el se consegue chegar aos 18 anos. Cando os seus secuaces están intentando converter en mortal a Hércules aparece unha parella que o acolle e o protexe ata que cumpre os 18. Con esa idade empezará a adestrar para desenvolver as súas habilidades de semideus cun sátiro.

A única muller que sae en Hércules, aparte das musas, que só compren a función de fío musical, é Megara. Megara está considerada unha das mulleres máis independentes das películas de Disney polo feito de que

ten un carácter arisco e sarcástico, moi distinto da docilidade das primeiras princesas. Inicialmente rexeita a oferta de Hércules para ser rescatada e, cando este a salva igualmente pronuncia unha frase que moitos interpretan como unha crítica ás actitudes controladoras e abusivas dos homes.

“Bueno, xa sabes como son os homes. Pensan que “non” significa “si” e que “pérdete” significa “son túa”.”

Pese a que, a diferenza das princesas anteriores, non tivo unha boa experiencia coa súa parella e inicialmente rexeita todo tipo de amor, ao final remata namorada de Hércules e sacrificando a súa vida para salvalo.

- **Mulán (1998):** Mulan é unha xoven china, a única filla da familia Fa. En lugar de buscar mozo como debería facer trata de alistarse no exército imperial para evitar que o seu pai sexa chamado a filas para defender China dos Hunos. Vendo que o seu pai non vai cambiar de opinión e irá a guerra decide escaparse e facerse pasar polo fillo varón da familia.

A protagonista da película é unha muller independente e intelixente que se nega a seguir as normas para unha muller na China imperial. Na súa cabeza non entra o matrimonio e tampouco quedar na casa mentres os homes salvan a nación. Dende o principio da película deixa claro que unha muller pode facer o mesmo que un home. Durante os adestramentos do exército imperial demostra que unha muller é capaz de facer exactamente o mesmo esforzo físico que calquera home e finalmente acaban gañando a batalla contra os hunos grazas á súa destreza.

Como contraposición a este personaxe atopamos as amigas e a nai de Mulán, que están dominadas polo patriarcado e aceptan o papel submiso da muller. O seu maior desexo é que Mulán atope un home co que casar e que cumpra os supostos parámetros de comportamento e intereses dunha muller na sociedade chinesa.

- **Tarzán (1999):** Tarzán é un neno que, logo da morte dos seus pais a mans dun leopardo, é adoptado pola gorila Kala. Críase coa tribo de gorilas coma un máis, pero sentíndose diferente, xa que non logra o apoio de Kerchak, o líder e seu pai adoptivo. Coa chegada do profesor Porter, a súa filla Jane e o guía Clayton, Tarzán averigua que non é único na súa especie, e inicia unha amizade con eles. O profesor Porter, que acudira a estudar os gorilas, e Jane insístenlle para que lles ensine á súa familia, pero Tarzán négase, ata que eles deben volver a Inglaterra, e para evitar a súa partida, o que provoca o enfado de Kerchak e a partida de Tarzán a Inglaterra. Mais todo é unha trampa de Clayton, que trata de apresar aos gorilas, a súa intención dende o principio. Coa axuda da súa inseparable amiga Terk e o elefante Tantor, logra salvalos a todos excepto a Kerchak, que morre deixando a Tarzán como líder da tribo, con Jane e o profesor Porter permanecendo na selva.

O personaxe de Jane comeza como unha rapaza de cidade que vai á selva con seu pai a estudar gorilas, pero pronto inicia unha transformación en muller de recursos, capaz de adaptarse ó medio e con paciencia e dotes de ensinanza, xa que ensina a Tarzán a falar. Jane é doce, mais tenaz, cunha gran capacidade de sacrificio. Kala, a nai gorila de Tarzán, representa a bondade, a dozura materna, o amor e apoio incondicional.

- **Tiana e o Sapo (2009):** Tiana é filla de dous padres pobres e traballadores, cuxo soño é abrir o seu propio restaurante. Logo da morte do seu pai na guerra, Tiana traballa innumerables horas ao día para poder facer real os seus desexos. Por outra banda, a chegada do Príncipe Naveen de Maldonia revoluciona a cidade e tamén a Charlotte, amiga de Tiana, quen pretende casar con el. O príncipe acaba convertido en ra e, cando

este lle pide a Tiana que lle de un bico, ela tamén. Tiana e Naveen viaxan a través dun pantano para tratar de romper a maldición.

O personaxe de Tiana é traballadora e independente, que loita por conseguir os seus soños. É leal e teimuda, pero sabe sobrepoñerse aos obstáculos e evolucionar como persoa. Charlotte, a amiga de Tiana, é todo o contrario, unha rapaza de familia ben, cuxo propósito é casar cun príncipe para poder ser princesa, mais cando ve o amor que senten Tiana e Naveen, non se atopa nin un atisbo de rabia nela, senón que amosa aceptación plena e un amor pola a súa amiga superior aos seus desexos.

- **Enredados (2010):** A princesa Rapunzel, raptada pola bruxa Gothel, quen ela cre é a súa nai, vive toda a súa vida nunha torre. O seu longo cabelo, con poderes curativos, é o que mantén a Gothel xoven. Polo seu dezoito aniversario, Rapunzel pídelo a Gothel poder saír da torre, pero ela impídello. O desexo da princesa por poder saír e ver as lanternas que os seus verdadeiros pais lanzan ao ceo polo seu aniversario, aínda sen coñecer a verdade, lévana a aceptar a axuda dun descoñecido, o ladrón Flynn Rider. Xuntos viven aventuras que lles levan a descubrir a verdade sobre Rapunzel e Gothel.

Rapunzel, inicialmente absorbida por Gothel, saca o seu carácter e transfórmase nunha moza decidida e valente, capaz de enfrontarse ao que se propón. Ten soños, talentos e aspiracións, é unha princesa cercana e real. O outro personaxe feminino, Gothel, é unha bruxa cuxa única ambición é a eterna beleza e xuventude. Unha muller egoísta e vaidosa, que solo pensa en si mesma e rapta a unha nena para aproveitarse dos seus poderes.

- **Brave (2012):** Brave narra a historia da aventureira Mérida, unha arqueira cuxos pais pretenden que sexa, por así dicilo, perfecta. Ao longo da longametraxe, obsérvase un progresivo camiño por ser ela mesma independentemente dos erros e reproches que a súa nai fai. Un atrevido desafío levará a Mérida a unha serie de aventuras e descubrimentos que cambiarán a súa vida e as agallas que ten para afrontala.

Mérida é unha moza bastante diferente ás princesas que Disney foi presentando ó longo da historia. Por doquier, asignábaselles unha boa educación, aceptación das normas e un físico mellor coidado do que se presenta, lembremos pois que a súa caracterización corporal é forte e máis descoidada ca as das princesas anteriores.

- **Frozen e o reino de xeo (2013):** a princesa Anna de Arendelle sae na procura da súa irmá Elsa de Arendelle, quen, tras ser distanciadas, na súa coroación desata os seus poderes a causa dela e causa un eterno inverno. Anna emprende a aventura de buscar a Elsa para rematar con este inverno, pero no camiño vese truncada por diversos obstáculos. Cando a atopa e lle explica a situación, en estado de cólera, conxela o seu corazón que sómente se desconxelaría cando coñeza un acto amoroso. Olaf, Kristoff e demais personaxes xunto coas irmás veranse envoltos nunha rede de equivocacións que xuntará finalmente a Anna e Elsa e dá lugar á moral da longametraxe: “Non sabes que tes, ata que o perdes”.

A princesa Anna é unha princesa na cal non se aprecia gran cantidade de maquillaxe que tradicionalmente se asociaba a aumentar a beleza da muller. É unha princesa que finalmente se namora do seu compañeiro de aventuras, non dun príncipe. Elsa, pola súa banda, é unha constante loita por aceptarse e controlarse a si mesma. Non coa axuda de ninguén senón da súa propia man.

- **Vaiana (2016):** conta a historia da formación da vida no Océano Pacífico pero tamén mostra como se vai desfecendo, o que Vaiana ten que solucionar. Vaiana ten os poderes para poder parar a fin da vida pero para ilo terá que superar unha serie de obstáculos, entre os cales está o seu pai discordante cos seus obxectivos.

Vaiana é unha moza que malia ter 16 anos presenta unha actitude moitísimo máis rebelde ca as das outras princesas, loita porque perdure a vida e porque o seu pai non lle impoña a forma que ten de facer as cousas. Fisicamente notamos unha clara evolución posto que é unha moza que mostra máis curvas ca as demais princesas e non mostra unha preocupación directa pola imaxe senón por manter os costumes de onde ela e máis o seu pobo habitan.

4.A EVOLUCIÓN DAS PERSONAXES FEMININAS DE DISNEY

A evolución das personaxes femininas nas películas de Disney está estreitamente ligada ó contexto histórico de cada unha delas. Dende o primeiro filme que se analiza (Branca-neves, de 1937) ata o último (Vaiana, 2016) transcorreron case oitenta anos de conquistas de dereitos por parte das mulleres. As princesas e, en xeral, a caracterización das mulleres en Disney reflicten en gran medida a figura feminina na sociedade e fóronse adaptando pouco a pouco a roles menos tradicionais e machistas.

Para estudar estes cambios, agrupáronse as personaxes femininas en tres bloques con características similares, atendendo ás análises individuais realizadas no apartado anterior. Así, están clasificadas en **submisas** (Branca-neves, Cincenta, Aurora e Lady Marian), as **inconformistas** (Ariel, Bela, Pocahontas, Jane, Jasmine e Rapunzel) e as **independentes** (Esmeralda, Elsa e Anna, Megara, Mulán, Tiana, Moana e Mérida).


As princesas clásicas de Disney, representadas por Branca-neves, Cincenta e a Bela Durminte, encarnan mulleres submisas, serviles e de aparencia anxelical e inocente. Ademais, a vida e a liberdade destas dependen unicamente dun home. Neste grupo tamén se pode incluír a Lady Marian, que, aínda non sendo protagonista do filme, se somete ás decisións masculinas. A actitude feminina fronte ó amor nestas primeiras películas da factoría estadounidense pódese calificar como superficial e idealizado. Ademais, chama especialmente a atención a relación constante entre muller dócil e boa ou muller envexosa e mala, representada nas madrastas das protagonistas.

Coa estrea da Sereíña en 1989, as princesas Disney comezaron un camiño de inconformismo e mesmo rebeldía con certos aspectos da súa vida que chega ata as películas máis modernas. A mencionada Ariel, Bela, Jasmine, Jane, Pocahontas e Rapunzel encarnan mulleres valentes, con inquiredanzas intelectuais e que se opoñen ós homes que pretenden dirixir as súas vidas (na maioría dos casos, á figura do pai). Sobre todo, destaca a súa loita contra os matrimonios concertados e no desexo de atopar o amor por si mesmas. Non obstante, algunhas das personaxes femininas deste grupo seguen mantendo certos estereotipos machistas: o centro das súas vidas é casarse, renuncian ás súas vidas polo amado e manteñen un canon físico similar ó das princesas clásicas.

A revolución dos papeis femininos de Disney chegou da man de personaxes como Esmeralda, Megara, Mulan, Tiana, as irmáns Elsa e Anna, Mérida ou Moana. Independentes, traballadores e emancipadas, o seu forte carácter e o seu enfrontamento contra o sistema establecido son algunhas das características que as definen. Ademais, estas mulleres son as protagonistas das súas vidas e non precisan dun home para ter un papel relevante no filme. Destaca, tamén, a variedade de razas, rasgos e figuras femininas que abarca este grupo e que xa se intuía en Pocahontas e Jasmine.

Pódese afirmar, polo tanto, que o papel da muller que representa Disney na actualidade é un retrato máis ou menos fiel da sociedade na que vivimos. Así, unha muller pode ser guerreira, deportista e emprendedora, pero tamén pode ser princesa e namorarse, ou non.

A muller en Disney



5.O PAPEL DAS MULLERES EN PELÍCULAS DE NON-ANIMACIÓN

A produtora de Disney sempre conseguiu moi bos logros nas súas películas animadas, pero tamén fixo filmes non animados ou mixtos, nestes últimos aparece tanto a realidade como os debuxos animados de sempre. A pesar de ter numerosas películas non animadas, recolleemos certos filmes esenciais da historia de Disney para entender o papel da muller e as súas características.

Nas primeiras tres décadas non se crearon moitos filmes totalmente realistas, tan só nos anos cincuenta, porén, non foi ata a estrea de “Mary Poppins”, cando o papel das mulleres non animadas converteuse en importante. Esta película de **1964** a pesar de ser mixta, é de carácter non animado durante a maior parte do filme. Mary Poppins é unha neneira que chega para facer felices e coidar a dous irmáns, trátaos como se foran os seus propios fillos. Semellantes a unha bruxa pola súa maxia pero sempre coqueta e elegante. Nesta película vemos os primeiros toques feministas nesta produtora, xa que por exemplo a nai dos cativos é sufraxista e hai escenas no que reivindica o seu papel e pide o voto da muller xunto a ama de chaves.

No ano **1980** sae “Popeye”, baseándose na personaxe das tiras cómicas e curtametraxes de debuxos animados que coñece todo o mundo. O papel protagonista non cambio do xa coñecido, un home valente que grazas ás espinacas consegue unha maior forza, isto axudarlle a salvar a Olivia do capitán Bluto co que está prometida máis ela non quere casar. Esta película dá un punto de vista moi na liña das longametraxes de Disney sobre princesas, nos que hai unha moza indefensa que á que se lle impón un futuro marido ao que non quere é a única forma de conseguir o seu amor verdadeiro é que este a salve, como se foran indefensas e débiles.

1998 chega coa estrea de “Tu a Londres y yo a California”, a coñecida historia de dúas irmás xemelgas, separadas ao nacer debido ao divorcio dos seus pais, que se coñecen nun campamento de verán. Ambas personaxes son totalmente distintos a pesar de ser idénticas fisicamente. Hallie, a nena que vive co pai, ten unha actitude máis vulgar e festeira, porén, Annie tras vivir toda a vida coa súa nai en Inglaterra, é unha rapaza educada e elegante. A problemática deste filme é que en ocasións da a entender que as actitudes das nenas ven dada pola educación que lle deron, que por vivir unha co pai actúa dunha forma ou viceversa, levando aos nenos a interpretar a película como unha guía de como ser un neno ou como ser unha nena, cousa que non debería seguir ningún tipo de liña. Porén, unha reflexión máis profunda sería encaixar estas actitudes segundo a zona xeográfica na que reside cada unha.

Co novo século se estrea cada vez máis películas non animadas, no **2001** chega “Princesa por sorpresa”, unha comedia na cal unha adolescente coñece a nova de que é neta da Reina Clarissa e ten que cambiar a súa forma de comportarse e vestir para ser unha digna sucesora, porén, a súa forma de ser non é todo o correcta para o que se pide a unha princesa segundo a visión da súa avoa. Nesta película atopamos unha morea de micro machismos, atacando a como debe ser a beleza nunha muller ou os seus modais. Fai unha evolución como no Patiño Feo, de pato a cisne, de nena fea a nena guapa, atribuíndo a muller como debe ser, que ten que depilarse e maquillarse, para poder se guapa.

No **2003** estrease a primeira película de “Piratas del Caribe, La maldición de la Perla Negra.” Aquí o papel feminino fundamental ven dado por o de Elizabeth Swann, a filla do gobernador que en contra da idea do seu pai de casar cun comodoro, decide mediar cos piratas que atacan a cidade de Port e polos que é raptada. Así mostra unha actitude de empoderamento para actuar e seguir de forma valente certas aventuras que non levarían a cabo unha muller do seu tempo, así móstrase coma unha auténtica muller emprendedora que non precisa do respaldo dun marido.

Catro anos, no **2007**, despois chega ás pantallas “Entrenando a Papá”, na que unha nena pequena decide coñecer o seu pai, un exitoso xogador de fútbol americano. As diferenzas entre pai e filla veñen dadas pola obsesión do pai polo deporte fronte as bonecas, princesas e ninfas que lle gustan a filla, a pesar de seguir unha liña sexista definindo o que é de nenas e o que non, chega a unha fin feminista ao participar o pai no ballet da filla e esta ao interesarse máis no oficio do pai e no deporte en xeral.

No **2010** Alicia volve ao País das Marabillas de forma semi- animada. Con dezanove anos a protagonista escapa da súa pedida de matrimonio forzosa xa que detesta esta idea, o cal móstranos a unha muller coas ideas claras en contra da cultura patriarcal á que está sometida. Nesta fuxida persigue o famoso conexo branco co que regresará ao País das Marabillas onde se enfrontará a diversas misións sendo unha personaxe que se enfronta ao terror en busca do ben do país.

En **2014** o papel vilán de Maléfica consegue a súa película. A inimiga da Bela Dormente dá a coñecer a súa personalidade nesta longametraxe e o porqué das súas actitudes. Nun principio Maléfica é unha fada de Páramo, un reino fantástico que tente protexer, pero tras ser traizoada polo seu suposto amor verdadeiro que está obsesionado con converterse en rei, decide vingarse. Porén, Maléfica é unha muller forte que busca salvar o seu reino e cun sentido totalmente humano non pode non acabar querendo á filla do que foi o seu amor debido á proximidade que ten con esta tras estar en constantemente vixiándoa, aínda así é perseguida como as mulleres na inquisición, por bruxa, por muller valente e independente. Ademais, no final da historia dáse unha volta ao conto popular, reivindicando o amor verdadeiro, xa que a bela dormente esperta tras o bico do amor verdadeiro, que non é un príncipe galán e elegante calquera que vén rescatala, senón un bico de Maléfica un personaxe que lle quixo sempre e protexeu a pesar da súa vinganza contra o pai desta.

E **2017** A Bela e a Besta dá o seu paso á non animación da man de Emma Watson, que protagoniza o papel principal. Esta película viuse influenciada pola actriz de maneira positiva pola súa actividade feminista. Emma Watson negouse a utilizar corset, a levar tacóns que lle dificultasen correr e pedía unha maquillaxe natural. O filme deu a entender que Disney non pensaba seguir unha liña machista, con todo, a bela animada do noventa lía libros, era culta, negábase a casar co galán do pobo todo igual que a bela non animada, e non se fixo cambio de ningún outro achegue feminista. A película no canto de cambiar á protagonista nunha muller aínda máis feminista, si podía facer, decidiu modificar o papel da Besta converténdoo nun personaxe máis adorable que temido.

En xeral a cinematografía non animada de Disney sempre atribuíu ás mulleres colorees rosas, relación con princesas, fadas e beleza. Aínda así a produtora tentou escalar cara ao feminismo que non chega a conseguir nunca de forma plena, xa que a pesar de reivindicar que a muller ten que tomar as súas propias decisións, segue tendo actitudes sexistas como o os canons de beleza. A pesar de todo iso evolucionou de maneira positiva paulatinamente ensinando a valentía e empoderamento da muller.

6.CONCLUSIÓNS

Como conclusións desta investigación podemos destacar que se da unha progresiva evolución dos roles tradicionais da muller bastante paralela á sociedade malia que aínda queden bastantes aspectos que mellorar e nos que progresar. O mundo Disney exerce un forte papel no crecemento do público ao que se dirixe, que son nenos e nenas, e ver unha evolución no papel da muller e doutros aspectos sociais tamén é importante á hora de formarse.

A fusión de Disney e Pixar en 2006 foi un punto de inflexión e tamén houbo un proceso de retroalimentación porque o público comezaba a demandar contidos máis feministas e iso foi o que foron proporcionando.

No que se refire á realización do traballo, pensamos que o mesmo resultou bastante interesante e lúdico non só polos contidos senón tamén porque tivemos que recorrer ás longametraxes para proceder ao estudo dos personaxes. Ademais, non só foi un traballo de documentación senón de análise propia (dun/dunha mesmo/mesma).

7. BIBLIOGRAFÍA ISO 690

- *Aladdin* [DVD]. Dirixida por Ron Clements e John Musker. Estados Unidos: Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation, 1992.
- *Alicia en el País de las Maravillas*. Dirixida por Tim Burton. Estados Unidos: Walt Disney Pictures. 2010.
- *La Bella Durmiente* [DVD]. Dirixida por Clyde Geronimi, Les Clark, Eric Larson e Wolfgang Reitherman. Estados Unidos: Walt Disney Pictures, 1959
- *La Bella y la Bestia* [DVD]. Dirixida por Kirk Wise e Gary Trousdale. Estados Unidos: Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation, 1991.
- *La Bella y la Bestia*. Dirixida por Bill Condon. Estados Unidos: Walt Disney Pictures e Mandeville Films. 2017.
- *Blancanieves y los siete enanitos* [DVD]. Dirixida por David Hand, William Cottrell, Larry Morey, Perce Pearce e Ben Sharpsteen. Estados Unidos: Walt Disney Pictures, 1937
- *Brave* [DVD]. Dirixida por Mark Andrews, Brenda Champan e Steve Purcell. Estados Unidos: Walt Disney Pictures, Pixar, 2012
- CABELLO, José. *La Bella y la Bestia, retrospectiva*. *Cine Divergente* [blog]. 20 de marzo 2014. [Consulta: 1 de decembro 2017] Disponible en:]<http://cinedivergente.com/ensayos/estudios/la-bella-y-la-bestia-retrospectiva>
- *La Cenicienta* [DVD]. Dirixida por Clyde Geronimi, Wilfred Jackson e Hamilton Luske. Estados Unidos: Walt Disney Productions, 1950
- CHOLVIN, Tucker. Traducido por Verónica Hojman. *Feministas en general*. *Mulan, la feminista* [blog]. 30 setembro 2013 [Consulta: 29 novembro 2017]. Disponible en: <https://feministasengeneral.wordpress.com/2013/09/30/mulan-la-feminista/>
- Colaboradores de Wikipedia. *Robin Hood* [en línea]. Wikipedia, La enciclopedia libre, 2017 [fecha de consulta: 4 de diciembre del 2017]. Disponible en <https://es.wikipedia.org/w/index.php?title=Robin_Hood&oldid=103887495>.
- Colaboradores de Friday's Feminist. *Friday's feminist. Dissecting Disney: Esmeralda* [blog]. 1 de abril de 2013 [Consulta: 29 novembro 2017]. Disponible en: <https://fridaysfeminist.wordpress.com/2015/08/28/dissecting-disney-esmeralda/>
- *Enredados* [DVD]. Dirixida por Nathan Greno e Byron Howard. Estados Unidos: Walt Disney Pictures- Walt Disney Feature Animation, 2009.
- *Entrenando a papá*. Dirixida por Andy Fickman. Estados Unidos: Walt Disney Pictures, 2007.
- Escandell Bozada, Marina. *Esteretipos femeninos en Disney: hacia un cuento no sexista*. *Universidad de Vic*. 10 de maio de 2015. [Consulta: 4 de decembro 2017] Disponible en: http://repositori.uvic.cat/bitstream/handle/10854/2454/trealu_a2013_escandell_marina_esteretipos.pdf?sequence=1
- FERMIN, Cristina de. *El papel de la mujer en Aladdin*. *Vuelta a la infancia* [blog]. 13 de novembro 2011. [Consulta: 1 de decembro 2017]. Disponible en: <https://vueltaalainfancia.wordpress.com/2011/11/13/estudio-sobre-aladdin/>

- *Frozen e o reino de xeo* [DVD]. Dirixida por Chris Buck e Jennifer Lee. Estados Unidos. Walt Disney Pictures, Walt Disney Animation Studios, 2013
- GARIS, Mary Grace. "11 Reasons Megara From "Hercules" Is Super Underrated". *Bustle* [en liña]. Santiago, 04 febreiro 2016. [Consulta: 30 novembro 2017]. Dispoñible en: <https://www.bustle.com/articles/138412-11-reasons-megara-from-hercules-is-super-underrated>
- *Hércules* [DVD]. Dirixida por Kirk Wise e Gary Trousdale. Estados Unidos. Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation. 1997
- *El Jorobado de Notre Dame* [DVD]. Dirixida por Ron Clements e John Musker. Estados Unidos. Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation. 1997
- *La Maldición de la Perla Negra*. [DVD] Dirixida por Gore Verbinski. Estados unidos: Walt Disney Pictures e Jerry Bruckheimer Films. 2003
- *Maléfica*. [DVD] Dirixida por Robert Stromberg. Estados Unidos: Walt Disney Pictures.2014
- MÁRTINEZ, Beatriz. " Hemos visto "La Bella y la Bestia" y tenemos malas noticias para Enma Watson" *Vanity Fair* (en liña). 13 de marzo 2017 [Consulta: 4 de decembro 2017]. Dispoñible en: <http://www.revistavanityfair.es/actualidad/cine/articulos/hemos-visto-la-bella-y-la-bestia-y-tenemos-malas-noticias-para-emma-watson/23682>
- *Mary Poppins*. [DVD] Dirixida por Robert Steveson. Estados Unidos: Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation. 1964.
- MÉRIDA, María. "Un estudio confirma que ciertas princesas Disney son muy machistas". *Vogue* [en liña]. 25 de xaneiro 2016. [Consulta: 1 de decembro 2017]. Dispoñible en: <http://www.vogue.es/moda/news/articulos/estudio-princesas-disney-memes-gifs-machistas-frozen-la-sirenita/24603>
- *Mulán* [DVD]. Dirixida por Barry Cook e Tony Bancroft. Estados Unidos. Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation. 1998
- PÉREZ Mulero, Carmen. "¿Son las princesas Disney machistas?". *Marie Claire* [en liña]. 28 de xaneiro de 2016. [Consulta: 1 de decembro 2017]. Dispoñible en: <https://www.marie-claire.es/planeta-mujer/denuncia/fotos/son-machistas-las-princesas-disney/pocahontas>
- *Pocahontas* [DVD]. Dirixida por Mike Gabriel e Eric Goldberg. Estados Unidos: Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation, 1995.
- *Popeye*. Dirixida por Robert Altman. Estados Unidos. Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation, 1980
- *Princesa por sorpresa*. Dirixida por Garry Marshall. Estados Unidos: Walt Disney Studios Motion Pictures,2001.
- *Robin Hood* [DVD]. Dirixida por Wolfgang Reitherman. Estados Unidos: Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation, 1973.
- *Robin Hood*. Sensacine. [Consulta: 4 de decembro 2017] Dispoñible en: <http://www.sensacine.com/peliculas/pelicula-284/>
- *A sereíña* [DVD]. Dirixida por Ron Clements e John Musker. Estados Unidos: Walt Disney Pictures-Walt Disney Feature Animation, 1989.
- SOUTO, Elvira. *Vínculo de sangue*. Santiago: Laiovento, 1993

- *Tarzán* [DVD]. Dirixida por Kevin Lima e Chris Buck. Estados Unidos: Walt Disney Pictures- Walt Disney Feature Animation, 1999.
- *Tiana y el sapo* [DVD]. Dirixida por Ron Clements e John Musker. Estados Unidos: Walt Disney Pictures- Walt Disney Feature Animation, 2009.
- *Tú a Londres y yo a California*. Dirixida por Nancy Meyers. Estados Unidos: Walt Disney Pictures- Walt Disney Feature Animation, Walt Disney Pictures, 1998.
- *Vaiana* [DVD]. Dirixida por Ron Clements e John Musker. Estados Unidos: Walt Disney Pictures, Walt Disney Animation Studios, 2016